



SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten previsto formalizar coa Fundación Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO) e a Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranga dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2022 e se teñan rematado o 26 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A modificación do convenio de colaboración asinado o 29 de xuño de 2022 entre GAIN, a Fundación CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC para a realización do Programa de Comunicación Cuántica dentro dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU,

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1- Que GAIN, a Fundación CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC subscribiron, con data 29 de xuño de 2022, un convenio co obxecto de establecer as condicións de participación no programa complementario de Comunicación Cuántica concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo Ministerio de Ciencia e Innovación conforme ao establecido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI) do 8 de novembro de 2021, no Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación





dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas, que forman parte do compoñente 17 do do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e na Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 22 de decembro 2021 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto.

2- Que no citado convenio, adendado o 3 de maio de 2023, establece que a data límite de finalización do programa de Comunicación Cuántica será o 29 de setembro de 2025, de conformidade co sinalado no Real Decreto 633/2022, de 26 de xullo, no que se indica que o programa deberá de finalizar antes do 30 de setembro de 2025.

3- Que o Real Decreto 1181/2024, do 28 de novembro, publicado no BOE nº 288 do 29/11/2024, establece que o programa deberá de finalizar antes do 31 de decembro de 2025 modificando así a data do 30 de setembro de 2025 establecida no citado Real Decreto 633/2022.

4- Que atendendo ao desenvolvemento das actuacións do programa e ao disposto no Real Decreto 1181/2024, a comisión de seguimento e coordinación do convenio na súa reunión do 25 de febreiro de 2025 propuxo adendar o convenio para ampliar o seu prazo de execución ata o 26 de decembro de 2025.

Así mesmo, para evitar e minimizar os reintegros ao Estado dos importes do MRR non executados, a comisión de seguimento e coordinación tamén propuxo adendar o convenio para recuperar os fondos non executados das anualidades 2022, 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos do convenio para a anualidade 2025, todo elo sen alterar o obxecto nin o orzamento total do mesmo.

5- Á vista do anterior é preciso adendar o convenio asinado o 29 de xuño para ampliar o seu prazo de execución ata o 26 de decembro de 2025 e recuperar os fondos non executados das anualidades 2022, 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos da anualidade 2025. A tal fin modifícanse as cláusulas nas que se fai referencia a distribución anual da achega de GAIN, ao calendario de execución do investimento e aos prazos de presentación da documentación xustificativa, sen ningunha outra modificación e sen alterar o obxecto nin o orzamento total do convenio, da forma indicada:





Achegas GAIN								
Tipo de Fondos	Entidade	Aplicación Orzamentaria		Importes executados 2022-2024 (1)	Importes non executados 2022-2024	Importe inicial 2025	Importe final 2025 (2)	Total 2022-2025 (1+2)
MRR código proyecto 2022- 004	CESGA	07.A2.561A.743.05	Ano 2022	0,00 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	36.214,00 €	0,00 €			
			Ano 2024	220.315,56	120,44			
			Total	256.529,56 €	120,44 €	735.227,00 €	735.347,44 €	991.877,00 €
	USC	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	10.146,25 €	1.521,94 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	69.817,81 €	613,43 €			
			Ano 2024	117.353,59 €	867,89 €			
			Total	197.317,65 €	3.003,26 €	15.346,09 €	18.349,35 €	215.667,00 €
	UVIGO	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	25.193,22 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	798.977,14 €	0,00 €			
			Ano 2024	1.345.844,62 €	0,00 €			
			Total	2.170.014,98 €	0,00 €	2.784.186,02 €	2.784.186,02 €	4.954.201,00 €
	UDC	07.A2.561A.744.0	Ano 2022	0,00 €	0,00 €		Importe inicial 2025 + Importes non executados 2022-2024	
			Ano 2023	0,00 €	0,00 €			
			Ano 2024	16.273,70 €	5882,94			
			Total	16.273,70 €	5.882,94 €	27.002,36 €	32.885,30 €	49.159,00 €
	TOTAL MRR		Ano 2022	35.339,47 €	1.521,94 €			
			Ano 2023	905.008,95 €	613,43 €			
			Ano 2024	1.699.787,47 €	6.871,27 €			
			Total	2.640.135,89 €	9.006,64 €	3.561.761,47 €	3.570.768,11 €	6.210.904,00 €

Calendario execución orzamento – Prazos presentación documentación xustificativa					
ORZAMENTO TOTAL ELIXIBLE /AXUDA GAIN	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025 *	TOTAL
	IMPORTES EXECUTADOS				
Fundación CESGA	0,00 €	36.214,00 €	220.315,56	735.347,44 €	991.877,00 €
USC	10.146,25 €	69.817,81 €	117.353,59 €	18.349,35 €	215.667,00 €
UVIGO	25.193,22 €	798.977,14 €	1.345.844,62 €	2.784.186,02 €	4.954.201,00 €
UDC	0,00 €	0,00 €	16.273,70 €	32.885,30 €	49.159,00 €
TOTAL	35.339,47 €	905.008,95 €	1.699.787,47 €	3.570.768,11 €	6.210.904,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2022 - 30/11/2022	01/12/2022 - 31/10/2023	01/11/2023 - 31/10/2024	01/11/2024 - 26/12/2025	
Data límite presentación documentación xustificativa	12/12/2022	10/11/2023	10/11/2024	26/12/2025	

* Para a anualidade 2025, os beneficiarios van realizar xustificacións parciais da execución do gasto que permitan que en decembro dese ano GAIN só teña que revisar os últimos gastos realizados, fundamentalmente as nóminas dese mes.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data que se indica na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

